

TEMA 5 - INICIOS E CONSOLIDACIÓN DO RÉXIME LIBERAL

TEMA 5-C. O SEXENIO DEMOCRÁTICO. 1868-1874

0.- INTRODUCCIÓN

O período histórico comprendido entre 1868 e 1874 coñécese como **Sexenio Democrático** porque, por primeira vez, o sufraxio universal e os dereitos sociais aparecen na vida política española; ao mesmo tempo durante estes anos sucédense unha serie de importantes acontecementos: un cambio de dinastía, unha república... ata que de novo retorna a **Monarquía Borbónica**.

I.- A REVOLUCIÓN DE SETEMBRO E O GOBERNO PROVISIONAL

1.1. A “GLORIOSA” REVOLUCIÓN (tema de composición ABAU)

O malestar político, económico e social conduciu ao levantamento do almirante **Topete** na baía de Cádiz o 19 de Setembro de 1868. Recordamos que as **causas políticas** da Revolución foron:

- Descrédito da monarquía borbónica
- Inestabilidade e división política dos grupos tradicionais unido ao **desgaste político dos moderados**, sen capacidade para resolver os problemas nun marco dominado pola corrupción e a represión.
- A **expansión do ideario democrático**: soberanía popular, sufraxio universal masculino, rixida separación de poderes, maiores dereitos (liberdade de expresión, asociación e reunión, liberdade de cultos) e separación igrexa-Estado, etc.
- Ante a imposibilidade de acceder ao poder, o **Partido Progresista** practicou unha política de retraemento (negouse a participar nas eleccións). Na mesma posición situouse o **Partido Demócrata**, de modo que ambos asinaron o **Pacto de Ostende** (agosto de 1866) coa vontade de unificar a súas actuacións para acabar co moderantismo no poder; ademais o compromiso propuña o fin da monarquía isabelina. **A dito pacto adheríronse os unionistas** en 1867 (desde 1866 unha boa parte dos unionistas púxose en contra do goberno moderado, mesmo o propio O'Donnell exiliárase a Gran Bretaña). Os unionistas achegaron unha boa parte da cúspide do exército á revolución.

Causas económicas:

- A **crise agraria e crise de subsistencias**: 1866, 1867-68 (subas do prezo do pan e motíns populares).
- **Crise financeira** (caída da Bolsa e das accións ferroviarias)
- **Crise industrial** (na industria téxtil catalá)

Como xa expuxemos, a combinación das crises industrial e agrícola agravaron a situación. No agro, a fame conduciu a un grave clima de violencia social, nas cidades algunhas industrias pecharon, o paro aumentou e o nivel de vida das clases traballadoras descendeu aínda máis.

Unidos baixo o lema *¡Abaixo os Borbóns!* e *¡Viva España con honra!* Iniciábase a revolución en Cádiz, cun pronunciamento (ou levantamento militar) das tropas da Mariña baixo o mando do almirante Topete. Este acto deu paso a un movemento revolucionario coñecido como “A Gloriosa”, que foi o resultado dunha **alianza entre progresistas e unionistas, coa aprobación dos demócratas**; aínda que interviñeron militares de prestixio (Prim, Serrano, Primo de Rivera, etc.), houbo unha presenza destacada de civís das clases burguesas; o obxectivo era derrocar á raíña, non acabar co goberno.

O verdadeiro programa revolucionario proporcionouno o partido demócrata, que pedía o sufraxio universal, a supresión dos consumos e as quintas, e que se centraba na defensa das clases medias e traballadoras. Non obstante, tamén foi un movemento organizado desde o poder político e militar para acabar co bloqueo parlamentario, promovido pola raíña, que impedía aos progresistas gobernar.

A revolución estendeuse axiña desde Cádiz por toda a Península. A incapacidade para freala quedou de manifesto na **batalla da Ponte de Alcolea** (Córdoba) o 28 de setembro. O triunfo dos sublevados provocou que o día 30 Isabel II abandonase España cara ao exilio en Francia. O Goberno entregou o poder en Madrid a unha **Xunta Superior Revolucionaria**.

Formáronse xuntas revolucionarias en toda España, pero a deriva radical foi cortada con rapidez. As xuntas estiveron dominadas polas chamadas á orde e a preservar a propiedade, sen demandas radicais. No fondo tratouse dunha revolución “falseada”, xa que as xuntas e os movementos de base popular foron enseguida excluídos ou perseguidos. O fin, pois, desta revolución era completar a transición iniciada en 1833 cara a unha sociedade burguesa, apoiada nun sistema capitalista eficaz dominado por homes de negocios vinculados ao poder político.

En definitiva, tratouse dunha **revolución dos excluídos do sistema político**, especialmente **progresistas e unionistas**, que unidos ao **partido demócrata**, usaron o exército, e por primeira vez a Mariña, para tomar o poder. Foi segundo Emilia Pardo Bazán, un pronunciamento “moi grande”, que levou por diante á propia dinastía. Temos pois, unha nova mostra do intervencionismo militar.

1.2. O GOBERNO PROVISIONAL E O SEU LABOR

O 3 de outubro, a xunta revolucionaria encomendaba ao **xeneral Serrano** a formación dun **goberno provisional**, que se constituíu o día 8, trala chegada do xeneral Prim. Inmediatamente establecía a **disolución das xuntas**. Moitos dos seus membros foron compensados con postos en concellos e deputacións. Non obstante, en parte do país, as xuntas revolucionarias ocuparon un poder paralelo ao do goberno provisional. O seu programa variaba segundo predominasen progresistas ou demócratas.

O goberno provisional, presidido por Serrano, formábano cinco ministros progresistas e catro unionistas; os demócratas quedaron fóra, e con eles o

sector máis revolucionario. As súas primeiras medidas dirixíronse a **controlar a revolución**: disolución das xuntas, reorganización da Milicia Nacional e restitución da disciplina no exército.

O **principal problema** ao que tivo que enfrontarse o goberno provisional **foi a concreción do modelo político e de goberno que debía establecerse**. Carlistas e moderados defendían os dereitos monárquicos dunha das dúas ramas dos Borbóns; unionistas e progresistas eran partidarios do novo concepto de monarquía democrática e da busca dun novo rei; os demócratas escindíronse en dous grupos: uns aceptaron a monarquía democrática e outros declaráronse favorables a unha república (ben federal ou unitaria).

O novo goberno puxo en marcha numerosas reformas tanto políticas (recoñecemento das liberdades democráticas: liberdade de expresión, asociación, reunión, e de cultos) como económicas (entre elas a creación da peseta), e convocou, en decembro, eleccións municipais, que deron o triunfo aos republicanos en 20 capitais de provincia. En xaneiro de 1869 producíronse eleccións a Cortes constituíntes, con maioría de progresistas e unionistas, pero cun notable grupo de deputados republicanos. Ambas eleccións fixéronse mediante sufraxio universal masculino. As Cortes ocupáronse de elaborar unha nova constitución.

II.- A REXENCIA DE SERRANO

2.1. A CONSTITUCIÓN DE 1869 (tema de composición ABAU)

Foi definida como a máis progresista do seu tempo e a primeira democrática da nosa historia. Inspirada nos principios do liberalismo democrático estableceu:

- **Soberanía nacional de base popular**
- **Clara separación de poderes**
- **O rei** exerce o poder executivo a través dos seus ministros, libremente escollidos e responsables ante as Cortes, sanciona e promulga as leis sen capacidade de vetalas, e pode suspender e disolver as Cortes pero só unha vez por lexislatura e estas deben reunirse tras un prazo fixado. É dicir, está suxeito á soberanía nacional. Cuestionouse a necesidade dunha nova dinastía.
- **Cortes bicamerais** formadas polo Congreso e o Senado, elixidos por **sufraxio universal masculino**. Asumen en exclusiva o poder lexislativo, controlan as accións do goberno e aproban os orzamentos.
- O poder xudicial está en mans dos tribunais formados por xuíces, nomeados a través dun sistema de oposicións, e xurados con participación popular.
- **Dereitos e liberdades individuais** recollidos de forma explícita e ampla. Tamén se recolle por primeira vez o dereito de asociación e de reunión.
- Liberdade de cultos, eliminando a confesionalidade do Estado.

2.2. OS PROBLEMAS DA REXENCIA

A adopción da monarquía como forma de goberno provocou a dura oposición dos republicanos e obrigou a **nomear a Serrano rexente** mentres Prim ocupou a xefatura do Goberno. O poder executivo tivo que facer fronte a complexos problemas internos e exteriores:

1. Unha **guerra colonial en Cuba** (a *Guerra dos dez anos*) iniciada en 1868 có “Grito de Yara”, era un forte conflito secesionista no que se mesturaban as críticas á dominación política e económica española e o desexo da abolición da escravitude. En España a opinión pública era maioritariamente partidaria de non facer concesións, aínda que Prim buscou desesperadamente un acordo e incluso estaba disposto a concederlle a autonomía ou incluso a vendela aos Estados Unidos. As tímidas reformas adoptadas non solucionaron o conflito, a guerra agravouse causando cuantiosos gastos e elevadas perdas humanas, e prolongouse ata que en 1878 o xeneral Martínez Campos logra un acordo cos rebeldes e asina a **Paz de Zanzón**.
2. A **oposición activa dos carlistas e os moderados ou afonsinos**. Os carlistas formaron partidas armadas nalgúñas provincias.
3. O permanente **acoso dos republicanos**, que non aceptaron a solución monárquica da constitución.
4. O **descontento das capas populares** urbanas e rurais, que non recibían resposta ás súas demandas sociais, sobre todo por non poñer en práctica a supresión do imposto dos consumos e das quintas.

Esta etapa, polo tanto, estivo inzada de convulsións sociais e movementos revolucionarios.

2.3. EN BUSCA DUN NOVO REI

A todos estes problemas sumábase un asunto de gran complexidade diplomática e de política interior: **a elección do novo rei, dunha dinastía que non fose a dos Borbóns**. O rei tiña que ser católico, liberal e contar coa aprobación das potencias europeas. Prim foi o encargado de sondear aos embaixadores estranxeiros co fin de atopar un consenso internacional sobre o candidato. Chegou a haber cinco candidatos, e ao final optouse por **Amadeo de Saboia**, (duque de Aosta e fillo do rei de Italia, Vitor Manuel II) como novo rei de España.

A proposta presentouse no verán de 1870 nun contexto interior e exterior moi complexo. A derrota de Francia contra Prusia, coa desaparición do Segundo Imperio francés, era un elemento desestabilizador, e en política interior a oposición dos republicanos e dos partidarios do duque de Montpensier, a quen apoiaban a Unión Liberal e parte do exército.

III.- O REINADO DE AMADEO DE SABOIA (1871-1873)

O novo rei desembarca en Cartaxena o 30 de decembro de 1870 e tres días antes fora asasinado, nun atentado, o xeneral Prim, o seu principal valedor.

2.2. UN REINADO CHEO DE DIFICULTADES

Amadeo de Savoia entrou en Madrid o 2 de xaneiro de 1871, xurou a Constitución e comezou a primeira experiencia dunha monarquía democrática en España. O monarca tiña só 26 anos, a súa formación era esencialmente militar, posuía un escaso carisma persoal e descoñecía absolutamente o español (*non capisco niente*), polo que en seguida apareceu a oposición.

Non o querían nin a aristocracia (que o vía como un estranxeiro intruso), nin a Igrexa (por admitir a liberdade de cultos e aprobar as desamortizacións), nin o pobo en xeral, que inventou numerosos alcumes (*Don Macarrone I* por italiano, *Don Melone I* polas escasas dotes para aprender o castelán).

Tamén contou co **rexeitamento sistemático das distintas forzas políticas**: os **moderados** continuaban fieis aos Borbóns e comezaron a organizar, paseniñamente, un partido afonsino, defensor dunha restauración borbónica na persoa do príncipe Afonso. O artífice desta postura era Antonio Cánovas del Castillo. Os sectores republicanos avogaban pola proclamación da república. E por último, a chegada deste rei deu argumentos a **un sector do carlismo** para volver á insurrección armada.

Así as cousas, os case tres anos que durou o reinado de Amadeo I estiveron marcados polas dificultades constantes, derivándose diso unha permanente inestabilidade:

A **terceira guerra carlista** (1872-1876). O carlismo adquiriu un novo impulso durante o sexenio, xa que a el se sumou a ala dereita do partido moderado, os neocatólicos, que tiñan como ideoloxía a defensa da orde social consagrada pola Igrexa.

A persistencia do conflito carlista durante todo este século explícase por tres razóns ou *resistencias*: a resistencia campesiña ás formas de produción capitalista, a resistencia dos antigos territorios forais ao centralismo liberal, e a resistencia da relixiosidade tradicional fronte á secularización iniciada coa revolución liberal.

A terceira guerra carlista iniciouse en abril de 1872 con levantamentos en Barcelona, Valencia, Girona, o Maestrazgo e as provincias vascas. A guerra xeneralizouse durante 1873 ata tal punto que no norte creouse un **Estado alternativo**, integrado polas provincias vascas e Navarra, que chegou a legislar en cuestións de ensinanza, orde pública, levas de soldados e economía, emitiu moeda e tivo servizo de correos propio. Todo isto permitiulles resistir ata a súa derrota en 1876.

A **guerra dos dez anos (1868-1878) en Cuba**: que comezara co “Grito de Yara” e que, animada polos propietarios crioulos, contou co apoio do pobo ao prometerlles a fin da escravitude na illa. Amadeo quixo sacar adiante un proxecto de abolición da escravitude e reformas políticas, pero a oposición dos sectores económicos españois con intereses en Cuba frustrou a posibilidade

dunha solución pacífica ao conflito e converteu a guerra nun grave problema para o Goberno.

Durante a monarquía de Amadeo produciuse a **radicalización da esquerda** e a división dos republicanos en federalistas e centralistas.

O elemento decisivo para a crise final do reinado de Amadeo foi a **desintegración da coalición gobernamental** formada por unionistas, progresistas e demócratas, e as tensións entre os diferentes líderes (Serrano, Sagasta e Ruiz Zorrilla), agravadas trala morte de Prim. En dous anos houbo seis gobernos e convocáronse eleccións tres veces.

Ante todas estas dificultades, e sen poder formar un goberno forte para encamiñar as distintas cuestións ás que tiña que facer fronte, **Amadeo abdica** o 10 de febreiro de 1873. Ao día seguinte, o Congreso e o Senado, en sesión conxunta, asumiron os poderes e **proclamaron a República**, a pesar de ser os seus membros maioritariamente monárquicos.

III.- A PRIMEIRA REPÚBLICA (1873-1874)

O 11 de febreiro de 1873 proclamábase a república por unha ampla maioría de votos (258 votos a favor e 32 en contra). Os parlamentarios pretendían establecer un réxime semellante ao de Amadeo I, pero sen monarca. Esa non era, sen embargo, a idea dos republicanos nin dos desencantados co réxime instaurado en 1868.

3.1. A DEBILIDADE DO NOVO RÉXIME

O esforzo para construír un novo modelo de Estado bateu con múltiples dificultades:

- **A súa cuestionada lexitimidade**, ao proclamarse en sesión conxunta de ambas cámaras, constituída en Asemblea Constituínte, algo que non permitía a Constitución de 1869.
- **A diversidade de correntes e proxectos políticos** de federais e radicais, cada un cun modelo de república.

O primeiro presidente do poder executivo foi **Estanislao Figueras** (era á vez xefe de estado e de goberno), con Nicolás Salmerón, Pi i Margall e Castelar como ministros e proclamouse unha **república unitaria**. Os **republicanos unitarios** (Emilio Castelar) eran partidarios dun Estado centralizado (non federal) e de posturas máis conservadoras desde o punto de vista político e social. Mantívose a Constitución de 1869, suprimindo só os artigos referidos á monarquía. Un mes despois, disolvíase a Asemblea tras abolirse a escravitude en Porto Rico e suprimírense as quintas.

Convocáronse eleccións para maio de 1873, con carácter constituínte, pero a axitación fixo temer aos radicais que perderían as eleccións polo que prepararon un golpe para o 23 de abril, que fracasou. Finalmente, as eleccións celebráronse o 10 de maio.

3.2. A REPÚBLICA FEDERAL E A REVOLTA CANTONAL (composición ABAU)

Con maioría republicana federal, as novas Cortes constituíntes proclamaron a república democrática federal en xuño.

O **Partido Demócrata Republicano Federal** nace en 1868 debido a unha escisión do Partido Demócrata e estaba dirixido por Francisco **Pi i Margall**. Propugna a realización dun sistema de pactos libremente establecidos entre os pobos ou rexións históricas de España como forma de articular o Estado, é dicir, o Goberno Central renuncia a parte das súas atribucións.

A Figueras substituíuno o 11 de xuño Francisco Pi i Margall, que intentou conciliar as dúas correntes republicanas. Pero os problemas que tiña que afrontar eran case insuperables: dúas guerras (a carlista e a de Cuba) e diversos cambios de goberno para contentar á dereita republicana.

Pi i Margall quería negociar con carlistas e republicanos, impacientes, pero en xullo de 1873 **produciuse en Alcoy unha folga xeral** que derivou en insurrección xeneralizada. A folga reprimiuse con dureza.

Enseguida xurdiron os **cantóns**, que proclamaron a república federal. O cantonalismo produciuse como reacción defensiva ante a posible dereitización da república e como medio de presión para implantar a república federal. O seu obxectivo era **levar o federalismo ata as súas últimas consecuencias**: democracia directa, autonomía de municipios e deputacións, supresións de consumos e quintas, repartición da terra, anticlericalismo e defensa das clases medias e populares. Pero en ningún caso cuestionaron a unidade de España, a pesar de fragmentar o Estado en cantóns independentes.

O movemento cantonal de 1873 dividiu aos republicanos federais entre **transixentes**, dirixidos por Pi i Margall, que defendían a configuración da federación desde arriba, é dicir, que unhas Cortes constituíntes decidisen e organizasen o reparto de poderes entre o Estado federal e os Estados que formasen a federación; e **intransixentes ou cantonalistas**, que defendían que a federación debía facerse dende abaixo, mediante a proclamación inmediata da soberanía das unidades políticas inferiores, os Estados ou Cantóns, para construír desde eles a federación española.

Baixo a presidencia de Pi i Margall estouraron **focos de insurrección cantonalista** en Levante (o cantón de Cartaxena foi o primeiro en constituírse), e Andalucía, que o presidente se negou a reprimir e o goberno entrou en crise.

Nicolás Salmerón substituíu a Pi na presidencia da república, e dedicou todas as súas forzas a sufocar o movemento cantonalista e a guerra carlista no norte; pero para iso tivo que apoiarse no exército e acceder ás súas peticións de restaurar a autoridade e a orde. Nun mes caeron os principais cantóns andaluces e valencianos. Os últimos en someterse foron Málaga e Cartaxena (este último en xaneiro de 1874).

Pi i Margall presentara ás Cortes un **proxecto de constitución para a república federal**. O 11 de agosto comezou a discusión do proxecto, xa con Salmerón no poder.

A **Constitución non nata de 1873** elaborada apresuradamente por Emilio Castelar pretendía consolidar as liberdades e a democracia alcanzadas en setembro de 1868, crear unha división territorial que asegurase a federación e a unidade nacionais, e delimitar os poderes públicos para que sempre foran democráticos. A parte máis interesante era a que establecía a estrutura territorial do Estado, integrado por 17 estados federais [Andalucía Alta, Baixa, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Castilla la Nueva, Castilla la Vieja, Cataluña, Cuba, Extremadura, Galicia, Murcia, Navarra, Puerto Rico, Valencia e Vascongadas]. Todos podían elaborar a súa propia constitución e organizarse con total liberdade, sempre que respectasen a constitución federal.

Asumíase a declaración de dereitos da constitución de 1869. A xefatura do Estado correspondía ao presidente da república, elixido por sufraxio universal. O presidente da república nomeaba ao presidente do goberno e aos ministros. O executivo só estaba no goberno. Ás Cortes correspondíalles en exclusiva o poder lexislativo e estaban compostas por dúas cámaras: o Senado, representativo dos estados federados, e o Congreso, elixido por sufraxio universal dos homes maiores de 21 anos. Establecíase a separación Igrexa-Estado e tamén a sanción civil dos matrimonios, nacementos e defuncións. Tamén estaba recoñecida a autonomía municipal.

3.3. A REPÚBLICA CENTRALISTA

O 6 de setembro Salmerón deixaba a presidencia do poder executivo ao negarse a asinar dúas sentencias de morte. Debatérase eses días a cuestión da pena capital, e Salmerón, que se opoñía, preferiu deixar o poder a cumprir a esixencia dos militares.

Substituíuno **Emilio Castelar** (setembro 1873), defensor dunha república centralista (a pesar de elaborar o proxecto de constitución federal. Conseguiu poderes extraordinarios da Asemblea para facer fronte ás guerras cantonalista, carlista e cubana; así puido gobernar durante varios meses por decreto, tomando medidas drásticas e represivas e apoiándose nos militares conservadores. Postergou a discusión do proxecto constitucional que parecía xa esquecido.

As Cortes negaron a confianza a Castelar e este dimitiu. O **xeneral Pavía preparara un golpe de Estado** que materializou o día 3 de xaneiro de 1874. Despois do asalto a tiros, os deputados fuxiron sen maior resistencia. Finalizaba así o experimento republicano.

3.4. O GOBERNO DE SERRANO

Tralo golpe de Estado, dissolveuse a Asemblea Nacional e o xeneral Serrano, ante o baleiro de poder, asumiu o poder executivo, contando co apoio dalgúns

xefes militares e de políticos constitucionais e radicais (coalición de unionistas e progresistas) que formaron parte do seu goberno.

De xaneiro a decembro de 1874 instaurouse un réxime coñecido como **república unitaria ou ditadura do xeneral Serrano**, quen presidiu a república e exerceu como presidente do poder executivo. O seu mandato abriuse cun golpe de Estado e pechouse con outro, o 29 de decembro.

Os gobernos do ano 1874 actuaron coa idea de provisionalidade e de volver á normalidade institucional tras a recuperación da orde, xa que continuaban abertas as dúas guerras, a cubana e a carlista, e aínda resistía o cantón de Cartaxena.

Esta provisionalidade facilitou os preparativos do retorno do fillo de Isabel II, Afonso. O 3 de setembro Sagasta preside un novo goberno mentres o xeneral Martínez Campos preparaba un pronunciamento, do que Cánovas (principal dirixente do sector afonsino) non era partidario. Cánovas quería unha restauración monárquica pola vía civil, evitando o alzamento militar.

Tras comunicar os seus plans a Cánovas, Martínez Campos dirixiuse a Sagunto, onde se pronunciou coas súas tropas o 29 de decembro, proclamando a Afonso XII novo rei de España. A rápida adhesión ao pronunciamento obrigou a Serrano a marchar a Francia, mentres o último día do ano Cánovas constituía o “ministerio-rexencia” que inauguraba unha nova etapa. Era o último acto do Sexenio Democrático.